


## PREMIOS DO XVII CONCURSO DE CARTAS “DILLO A QUEN MALTRATA” 2020 CONCELLO DE LALÍN

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lalín, na sesión celebrada o 14 de setembro de 2020, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria dos premios do **XVII Concurso de cartas “Dillo a quen maltrata” 2020** (publicado o seu texto íntegro no BOP nº 183 de 22/09/2020 e o extracto da convocatoria no BOP nº 188 de 29/09/2020), organizado a través da Oficina de Igualdade coa finalidade de promover a reflexión sobre a problemática da violencia de xénero nas súas diferentes manifestacións, física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural..., así coma nos efectos e consecuencias da mesma.

**Reunido o xurado** o día 17 de novembro de 2020 **acorda**, tras unha meditada deliberación que entre as 20 cartas preseleccionadas das 124 orixinais presentadas, **propoñer a concesión dos premios (segundo as bases reguladoras do concurso) ás seguintes autorías:**

PREMIOS	AUTORÍA	POBOACIÓN
<b>1º premio</b> (Tablet Android 10,1” 32GB e diploma acreditativo)	<b>Noelia Cortizo Salgueiro</b> coa carta titulada: <b><i>O derradeiro xuízo</i></b>	<b>Lalín</b>
<b>2º premio</b> (Tablet Android 7” 8G e diploma acreditativo)	<b>Sofía Rodríguez Suárez</b> coa carta titulada: <b><i>Gata negra</i></b>	<b>Fornelos-Salvaterra</b>
<b>3º premio</b> (Lector de libros multimedia 7” 4GB e diploma acreditativo)	<b>Baixo o pseudónimo Lúa Ceibe</b> coa carta titulada: <b><i>Confinada, a casa como gaiola</i></b>	<b>Pontevedra</b>



**A composición do xurado, tal e como recolle o punto 9 das bases reguladoras do concurso, foi a seguinte:**

**Presidencia:** Concelleira delegada de Igualdade.

**Vogais:**

- Concelleira delegada de Política Social.
- Concelleiro delegado de Xuventude.
- Concelleira do PSOE.
- Asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres.
- Técnico de Cultura por delegación do Axente de Igualdade.
- Técnica do gabinete de prensa.

**Secretaría:** Axente de Igualdade.

**O fallo do xurado recolleuse en acta e foi levado á Xunta de Goberno Local, o día 23 de novembro de 2020, para a aprobación da concesión dos premios.**

**Lalín 23 de novembro de 2020**

